



DO FREIXO Á PUNTA REQUEIXO

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 6 km (lineal)
Dificultade: baixa



Punta Corveira, no comezo do paseo do Freixo



Ribeira do Freixo

Un percorrido lineal de case 6 km desde o Freixo á punta do Requeixo, que podemos prolongar un par de centos de metros ata un portiño abandonado no esteiro do rego de Serantes. Un paseo tranquilo con sombra e paisaxe por unha contorna natural de augas tranquilas nas que se suceden praias e rochedos (unhas praias que neste tempo non presentan o seu mellor aspecto por cousa das revolturas do mar e das follas que baixan polos regueiros).

Un percorrido con só uns curtos tramos pola beira da estrada con berma ou beirarrúa (no Freixo, para pasar máis alá do estaleiro, e da ponte da desembocadura do Bendimón á entrada da praia de Borna, para non pasar por propiedades privadas).



O Freixo e a ría desde o monte Tremuzo

PERCORRIDO

Comezamos no **porto do Freixo** e percorremos a Ribeira para ver o **porto antigo** ata chegar á **praia do Picouso** onde nos desviamos á estrada (uns 350 m) ata xusto despois de pasar o peche do estaleiro onde volvemos a atopar o camiño para peóns que nos leva, pola **praia de Siavo**, a entrar no **seo de Broña**, na desembocadura do **río Bendimón**, un recuncho no que a auga mansa fai espellos que replican a paisaxe na tona da auga, e a un altiño cuberto de árbores autóctonas (carballos, loureiros, salgueiros,...) para baixar a un tramo despexado e facer logo outra curta subida para chegar xa á praia que hai ao pé da desembocadura do río. Despois de cruzar a ponte hai que seguir pola beirarrúa (outros 350 m) ata chegar á altura das casas da esquerda da estrada onde volve haber camiño acondicionado que atravesa o piñeiral para continuar apegado á beira do mar ata a **punta da Carreira**, límite da enseada, desde onde hai unhas fermosas panorámicas, para virar cara á **praia de Broña** ou de **Mallante**, o areal máis importante da contorna. No remate da praia continuamos pola “Senda verde” un camiño que subindo e baixando por entre os piñeiros nos leva o máis preto que o terreo o permite da beira do mar ata enlazar nunha pista que remata na **punta do Requeixo** desde onde temos unhas boas panorámicas da contorna litoral de Noia, o Testal e a ponte da ría, e unha área de lecer no oco dunha canteira abandonada.

A volta podémola facer polo camiño da ida ou unha parte volvendo polo interior: subindo ata Serantes e baixando logo ata a ponte da desembocadura do río Bendimón. A distancia que se percorre é máis ou menos a mesma pero as costas polo interior son máis grandes.




Antigo porto de O Freixo



Praia de Picouso e estaleiros, unha das principais actividades de Outes.



O FREIXO: porto



Antigo porto de O Freixo



Praia de Siavo



Río Bendimón.
Nace serra do Tremuzo e despois de 5 km de percorrido desemboca na enseada de Broña.



Enseada de Broña, puntas Carreiroa e O Picouto.
Ao fondo Noia e a ría.



Enseada de Broña.



Enseada de Broña.



Enseada de Broña e punta Carreiroa

Punta Carreiroa



Punta Carreiroa



Praia de Mallante/Broña.



Praia de Mallante/Broña.



Piñeiros (*Pinus pinaster*) da praia de Broña.
O máis grande mide 4 m de perímetro.



Outeiro dos Corvos

Praia de Broña



Praia Bitureira



O Picouto



Punta do Picouto



Punta do Requeixo, con Noia ao fondo